



Informado polo Claustro de mestres/as:

Avaliado polo Consello Escolar:

Aprobado pola Dirección:

ÍNDICE

ÍNDICE.....	2
1. INTRODUCCIÓN	3
2. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DO CONTEXTO	3
2.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E O CONTORNO	3
2.2. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA	5
2.3. ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA CONVIVENCIA	7
3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	8
3.1. OBXECTIVOS XERAIS	8
3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	8
4. CONCRECIÓN DO PLAN	9
4.1. ACTUACIÓNS	9
4.2. MEDIDAS.....	13
4.3. PROGRAMAS	14
4.3.1. Programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais. ..	14
4.3.2. Programa de patios inclusivos.....	14
5. NORMAS DE CONVIVENCIA.....	15
6. COMISIÓN DE CONVIVENCIA	15
7. PROTOCOLOS	17
8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN ENTRE CENTRO, FAMILIA E CONTORNO ESCOLAR	17
9. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	19
10. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA	19
12. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	20
13. ANEXOS	23

1. INTRODUCCIÓN

Aprender a convivir constitúe un dos piares da educación do século XXI. Tradicionalmente a escola e a familia compartiron a tarefa de educar para a convivencia. Na medida en que os cambios na estrutura familiar dificultan que poida seguir asumindo ese papel, a escola vese na obriga de asumilo. A educación para a convivencia pacífica é ó mesmo tempo un obxectivo ineludible do proceso educativo e tamén un instrumento para que o proceso educativo poida desenvolverse adecuadamente.

Dende hai anos a preocupación pola educación para a convivencia e a mellora da convivencia foi unha preocupación central de gran parte do profesorado do centro. Ó longo deses anos desenvolvéronse diferentes iniciativas e creáronse diferentes programas para traballar a convivencia. Neste momento cómpre facer unha revisión crítica sobre o xa elaborado para tratar de integralo nun conxunto coherente no que se valore o institucionalizado e se analicen as carencias para mellorar os resultados e dar resposta á demanda institucional de elaborar un Plan de Convivencia para o centro.

2. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DO CONTEXTO

2.1.CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E O CONTORNO

O CEIP “ Álvaro Cunqueiro Mora” está situado no núcleo urbano da cidade de Mondoñedo aínda que a porcentaxe de alumnado transportado do ámbito rural é superior o dos alumnos que habitan na propia localidade.

A dimensión do centro, na actualidade, conta con 9 unidades (3 de educación infantil e 6 de primaria) e uns 185 estudantes escolarizados entre ámbalas etapas, aínda sendo un centro pequeno, supón en si mesmo unha importante colaboración entre todos os membros co fin de atender cuestións tan elementais e básicas para un centro educativo como son a organización, coordinación, uso común de espazos, planificación conxunta..

O claustro de profesores está constituído por 17 profesores, 14 dos mesmos en situación de destino definitivo. Conta coa xefa do Departamento de Orientación, a mestra de Audición e Linguaxe e a mestra de Relixión Católica compartidas con outros centros.

Para establecer a xornada lectiva do centro facemos referencia á Orde 29 de maio de 2008, na cal se establece unha xornada mixta.

O horario lectivo do curso nos meses de outubro a maio é de Luns a Venres de 9:25 h a 13:25 h e de 15h a 16 h. Agás os Luns de 15: 30h a 16:30h. O horario de lecer do curso é pola mañá de 11:15 h a 11:45 h e pola tarde de 14:15 h a 15:00 h.

O horario lectivo do curso nos meses de setembro e xuño é de Luns a Venres de 9:20 h a 14:05 h. E a modificación do tempo de lecer é de 11:50 h a 12:20 h.

O horario de dispoñibilidade do centro é de 8:00 h a 16:30 h e o horario de titorías de nais e pais os luns de 16:00 a 17:30 horas.

O centro conta cos servizos de transporte e comedor escolar. Ademais do equipo docente tamén traballan un conserxe, unha auxiliar técnico educativa (ATE), 8 persoas colaboradoras (nais do alumnado) en EI+EP. Tamén hai 1 cociñeira e 3 axudantes de cociña.

O alumnado do centro divídese da seguinte maneira:

EDUCACIÓN INFANTIL ALUMNADO/UNIDADES			EDUCACIÓN PRIMARIA ALUMNADO/UNIDADES					
4º EI	5ºEI	6ºEI	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP
24/1 U	22/1 U	19/1 U	19/1 U	20/1 U	19/1 U	18/1 U	19/1 U	25/1 U
65 / 3 U			119 / 6 U					
TOTAL ALUMNADO/UNIDADES								
184 / 9U								

As dependencias escolares están centradas nun edificio de dúas plantas dentro dun amplo recinto con tres pistas de xogo, unha delas cuberta, un soportal cuberto e unha ampla zona axardinada.

A contorna e o concello de Mondoñedo posúe bos recursos educativos. Na vila hai unha Escola Infantil xestionada pola Xunta de Galicia, un instituto, unha biblioteca, unha Escola de música municipal, a casa da xuventude, un auditorio, unha piscina e varios parques infantís e zonas verdes, así como escolas deportivas.

2.2.DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA

Analizando a situación de convivencia no centro segundo a recollida de datos realizada de maneira xeral e subxectiva aos diferentes sectores da comunidade educativa en liñas xerais a situación actual é boa e satisfactoria.

Primeiramente comezamos falando da **relación entre o alumnado**, nela non se observan serios problemas, aparecen con frecuencia conflitos que son resoltos con distintas medidas, en función da importancia do problema. A meirande parte deles acostuman estar relacionados coa perda de respecto entre iguais ou ca perda de respecto ao profesorado; ton de voz alta, linguaxe incorrecta, malos xestos...

Nestes últimos cursos observase un empeoramento no comportamento do alumnado que se reflicte na forma en que se comunican entre eles, no seu compromiso á hora de cumprir as normas do centro e da aula, a actitude que amosan ante o profesorado e o clima na aula.

A **relación entre o profesorado** é agradable e cordial, posto que é un claustro pequeno a comunicación e as coordinacións entre os docentes é rápida e eficaz.

A **relación coas familias** xeralmente é correcta, unha gran maioría implícase moito e colaboran activamente na vida do centro.

En canto á **relación con outras institucións**: o **Concello** organiza puntualmente actividades extraescolares, charlas informativas, concursos, actividades deportivas e de ocio... Á vez que se encarga da limpeza do centro, dos gastos de luz e mantemento das instalacións do centro. Os **servizos sociais**, tamén están en colaboración activa co centro, así como **asociacións e escolas deportivas** do municipio: Escola de música,

ANPA... Recentemente creouse o **servizo de atención temperá** en Mondoñedo para dar asistencia de 0-6 anos a nivel comarcal.

Os tipos de conflitos máis frecuentes que atopamos no centro son:

- **Entre o alumnado:**

- Interrupcións do traballo ou das explicacións na aula, distracción e falta de atención.
- Esquecemento do material para o desenvolvemento da clase.
- Perda de respecto entre iguais ou ao profesorado durante o período lectivo.
- Condutas disruptivas nas aulas: falar a destempo, levantarse sen permiso...
- Desobediencia ás ordes educativas do profesorado.
- Distinto grao de aceptación das normas e do “diferente”.
- Problemas de impuntualidade.
- Problemas familiares.
- Condutas disruptivas no comedor: ton elevado de voz, condutas de rexeitamento da comida...
- Problemas no patio motivados por conflitos pola distribución dos espazos ou pola relación cos iguais: agresións verbais, físicas, comentarios discriminatorios, illamento, exclusión do alumnado NEAE.
- Conflitos en tempos de xogo libre: recreo, tempo despois de comer, festividades no centro...
- Excesiva competitividade.

- **Entre o profesorado:**

- Diferenzas de visión ou interpretación dalgunha actividade ou norma.
- Distinto grao de asunción de determinados compromisos tomados polo claustro.

- **Entre as familias:**

- Falta de colaboración e implicación nalgunhas das familias.
- Pequenos conflitos xerados pola diversidade de opinión en canto ao tratamento dun tema ou porque as queixas das familias non seguen as canles adecuadas.
- Sobreprotección como estilo educativo parental.
- Problemas persoais que repercuten no benestar do alumnado.

Partindo desta situación, decidiuse planificar as actuacións conseguíntes e facer un Programa de habilidades sociais para a mellora delas no alumnado así como un programa de patios inclusivos para a mellora da convivencia nos tempos de lecer.

2.3.ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia debe favorecer ás relacións nos aspectos positivos da convivencia e posibles cambios escolares cando se demande a necesidade de melloralas.

Dende o noso centro traballamos ditas accións dende as titorías, pero tamén por parte dos demais sectores educativos: o equipo directivo, comisión de convivencia, equipo docente e especialistas, departamento de orientación...

No tocante ás intervencións para a mellora da convivencia algunhas das que se levaron a cabo nos cursos anteriores foron:

- Período de adaptación para 4º de EI.
- Plan de Acolida.
- Plan de Acción Titorial.
- NOF-C
- Medidas para comportamento disruptivo.
- Actividades de habilidades sociais.
- Patios pintados.
- Xogos de rol nos tempos de lecer.
- Charlas de igualdade.
- Charlas de Educación Sexual.
- Plan director de convivencia.
- Traballo cooperativo.
- Chokolatada para a Paz.
- Reunións coas familias.
- Actividades relacionadas coas conmemoracións: Nadal, Entroido, Día da Muller, Igualdade de Xénero, Día da Familia, Día da Paz, Libro Viaxeiro, Apadriñamento lector, xincana lúdica de Pascua...

3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

3.1.OBXECTIVOS XERAIS

- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar no centro educativo os valores, actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente de acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas e do alumnado con A NEAE.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír dende o ámbito da convivencia á adquisición das competencias clave, particularmente das competencias social e cívica e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

3.2.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia participando cada curso e seminarios de formación no centro..
2. Dar a coñecer a toda a comunidade educativa as normas de convivencia do centro en sesións de traballo conxunto ao menos unha vez no curso.
3. Minimizar as faltas de puntualidade.

4. Mellorar de xeito xeral a convivencia minimizando as condutas disruptivas e de conflitos.
5. Previr e tratar situacións de acoso escolar identificando os primeiros indicios de forma temperá.
6. Mellorar as canles de comunicación coas familias e a colaboración con outras entidades do contorno.
7. Mellorar a convivencia nos tempos de lecer.
8. Favorecer a TEI (titoría entre iguais).
9. Impulsar a coeducación na comunidade educativa.

4. CONCRECIÓN DO PLAN

4.1.ACTUACIONES

4.1.1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.

ACTUACIÓN	DESCRICIÓN	RESPONSABLES
Planificación conxunta de actividades que poidan ser realizadas con éxito por todos os alumnos e alumnas e que este corresponda co esforzo realizado.	Plan de traballo coordinado polo equipo docente para cada un dos alumnos que presentan necesidades de reforzo ou ampliación, axustándose aos diferentes niveis, intereses ou motivacións.	Titores e Equipo Docente
Incorporación de metodoloxías máis axeitadas ás necesidades e intereses do alumnado (participativas e	O profesorado ten como norma plantexar actividades abertas en cada tema que dan cabida ás variacións fomentando a iniciativa do alumnado. O profesorado ten como norma propoñer actividades de colaboración en	Dpto. Orientación e claustro

colaborativas, superando o libro de texto como único material utilizado).	pequenos grupos ao menos unha sesión semanal. O profesorado ten como norma plantexar actividades de construción de coñecemento antes ca outras de tipo expositivo e mecánico.	
Incorporar na programación didáctica actividades encamiñadas ao autoconecemento e autocontrol do alumnado e á adquisición de habilidades sociais.	Establécense como prioritarios obxectivos tales como: recoñecemento, control e expresión dos propios sentimentos, poñerse no lugar do outro, controlar a agresividade e saber comunicarse. Prográmanse actividades para a súa consecución e realízase a avaliación trimestral dos mesmos.	Dpto. Orientación e titores

4.1.2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa,

ACTUACIÓN	DESCRICIÓN	RESPONSABLES
Buscar unha vía para implicar as familias menos participativas.	Reunións trimestrais cos pais para estimular o seu funcionamento. É dicir, buscar indicacións que axuden ás familias.	Equipo docente
Realizar actividades conxuntas para mellorar a comunicación.	Sesións de traballo conxuntas orientadora, titor/a e pais para analizar a problemática da aula (ao menos 2 no curso).	Dpto. Orientación

Establecer plan de traballo para o curso con obxectivos conxuntos.	Elaboración por parte do equipo docente unha mini-programación de obxectivos actitudinais para traballar conxuntamente durante o trimestre.	CCP e Equipos
--	---	---------------

4.1.3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia

ACTUACIÓN	DESCRICIÓN	RESPONSABLES
Ofrecer información a alumnado e familias cando se matriculan por primeira vez no centro.	Dentro do Plan de Acollida establécese unha entrevista inicial co titor ou membros do Equipo directivo para achegar toda a información de normas e a explicación do funcionamento do centro e as condutas que se esperan de alumnado e familias	Equipo Directivo e titores
Crear “grupo” entre os alumnos de cada aula e do centro.	Programación semanal de actividades de traballo en grupo para adestramento da colaboración. Ofrecer modelos de aceptación de tódalas diferenzas erradicando os xuízos de valor negativos diante do grupo.	Titores
Atender de forma prioritaria ás relacións que se establecen no patio.	Elaborar un decálogo de bo comportamento no xogo con cada grupo de alumnos. Construír as normas do patio e as sancións correspondentes ao incumprimento.	Dpto. Orientación e equipos.

	Dinámica de patios inclusivos.	
Elaborar as normas de funcionamento da aula e do centro partindo da experimentación da necesidade das mesmas.	Construción das normas nas aulas durante o mes de setembro.	Titor e alumnos.
Realizar actividades conxuntas coas familias sobre educación en valores e sensibilización fronte aos casos de acoso.	Elaboración por parte do equipo docente unha programación de educación nos valores de igualdade entre homes e mulleres e non discriminación por ningunha diferenza a traballar conxuntamente durante o trimestre.	Dpto. Orientación e titores.
Implicar ao persoal non docente e colaborador nas actividades complementarias de prevención de actitudes discriminatorias por sexo, raza ou relixión.	Elaboración do equipo directivo, conxuntamente co grupo de colaboradores de comedor, dun decálogo de “boas prácticas” así como reparto de espazos e actividades de patio para fomentar actitudes respectuosas coas diferenzas e de igualdade entre nenos e nenas.	Equipo directivo.

4.2.MEDIDAS

4.2.1. Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos

ACTUACIÓN	DESCRICIÓN	RESPONSABLES
Poñer en marcha medidas de detección de conflitos para Garantir a seguridade e benestar físico e psicológico de toda a comunidade educativa.	Poñer en marcha o “parte do recreo” para facer un seguimento das incidencias e valorar a acumulación das mesmas en determinados alumnos/as e así intentar poñer solución ás condutas.	Equipo Directivo
Elaborar de forma consensuada procedementos educativos para as condutas contrarias á convivencia.	Definir a canle e procedementos de actuación inmediatos á comisión da falta con carácter educativo e non sancionador.	CCP
Constituír un equipo de mediación integrado por alumnos e profesores para fomentar a resolución pacífica de conflitos	Formar ao profesorado e alumnado de 5º e 6º de EP en tarefas de mediación. Constituír a figura do mediador.	Dpto. Orientación e claustro

4.3.PROGRAMAS

4.3.1. Programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais.

O ensino de habilidades sociais é unha competencia e responsabilidade da escola como institución xunto coa familia e en coordinación con ela.

Segundo algúns autores, a falla de habilidades sociais nos nenos pode deberse a dúas causas: que o neno non aprendera nunca as condutas e habilidades necesarias para interactuar con outras persoas e polo tanto non as pode poñer en práctica cando se presenta a situación na que se requiren ou que si teña esas habilidades pero non as pon en marcha por factores emocionais ou doutro tipo. As investigacións realizadas sobre o tema indican que é necesaria unha instrución directa para mellorar as habilidades sociais e por iso é importante que se traballen na aula como parte do currículo ordinario, aproveitando as experiencias reais que se dan para poñelas en práctica

Así é, ao longo dos diferentes cursos desenvólvese un programa de traballo das diferentes habilidades sociais axustadas a tres niveis de idade (Infantil e 1º curso, de 2º a 4º, 5º e 6º de Educación Primaria) que son seleccionadas como as máis necesarias ou deficitarias nos nosos alumnos e poden variar anualmente en función das necesidades do grupo. (ANEXO 1)

4.3.2. Programa de patios inclusivos.

“Xogando Xogamos” (ANEXO 4) é un programa e ferramenta de inclusión escolar, mediante a cal os momentos de recreo e lecer cobran sentido para todo o alumnado independentemente das súas necesidades facéndoos partícipes de maneira voluntaria.

En cada recreo e tempo libre crearase un horario no que un “equipo de traballo” do Xogando Xogamos dirixido por profesorado e alumnado organizarán a actividade que elixan do amplo glosario. Co paso do tempo será o alumnado quen organice e regule as diferentes actividades con autonomía propia. As quendas de xogo estarán marcadas por idades.

Con este programa preténdese:

- Favorecer o desenvolvemento integral e a socialización do alumnado.

-
- Promover a inclusión de todo o alumnado nos tempos de lecer.
 - Previr situacións de acoso escolar.

5. NORMAS DE CONVIVENCIA

As normas de convivencia están recollidas no documento correspondente ás Normas de Organización e Funcionamento (NOF)

Estas teñen unha redacción en positivo, intentando que sexan eficaces, claras e realistas. Na elaboración das mesmas foméntase a participación de todos os membros da comunidade educativa. Así é, que cada norma está acompañada da correspondente medida a tomar no caso de incumprirse.

Algunhas das normas xerais do centro tratan diversos aspectos:

- Respecto da integridade física e psíquica de todas as persoas.
- Tolerancia á diversidade, respectando as características e as diferenzas de todos e todas.
- Conservación e mantemento dos bens de toda a comunidade educativa: instalacións, materiais, edificacións...
- Respecto polo traballo de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Asistencia e puntualidade.
- Aseo e coidado da imaxe persoal.
- Mantemento dunha actitude correcta na clase.

En resumo, cumprir os deberes que se sinalan na lexislación vixente, no Plan de Convivencia e nas Normas de Organización e Funcionamento.

6. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Segundo o *Decreto 8/2015 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar* no seu artigo 6 cita a comisión de convivencia.

A comisión de convivencia de cada centro constituírase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar.

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre homes e mulleres de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos.

Neste caso a súa composición será:

Directora	María Teresa Freire Sánchez
Profesorado	Luisa María Rey Díaz
Pai/nai/representante legal do alumnado	Soledad García Torterolo
Persoal non docente (PAS)	Rafael Vilaseca Sánchez

O réxime de funcionamento, composición e desenvolvemento das función de convivencia concretarase do seguinte xeito. As súas funcións están descritas no artigo 6.4. de dito decreto. Reunirase de maneira trimestral, e con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, ben por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

1º trimestre: constitución da comisión de convivencia. Designación da persoa que actuará como secretaria. Elaboración / Revisión do Plan de convivencia. Proposta de concreción do Plan de convivencia para o curso.

2º trimestre: Seguimento das actuacións do programa do curso. Seguimento da situación de convivencia do centro. Seguimento e información das incidencias e procedementos de resolución.

3º trimestre: Seguimento das actuacións e programas do curso. Seguimento da situación da convivencia no centro. Seguimento e información das incidencias e procedementos de resolución. Elaboración do informe-memoria anual con propostas para o seguinte curso.

Cando a Comisión de convivencia o considere, co obxecto de que se informen das respectivas competencias poderá pedir asesoramento doutros servizos: Departamento de orientación, profesorado titor, educador social, asociacións do sector...

7. PROTOCOLOS

Os protocolos que se deben seguir nun centro educativo na nosa comunidade autónoma están recollidos na páxina web da Xunta de Galicia EDU CONVIVES (Estratexia Galega de convivencia escolar)

- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo de Protección de datos.
- Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020. Informe de diagnose.
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativos e sanitario.
- Protocolo de Atención educativa domiciliaria.
- Protocolo de Urgencias Sanitarias e enfermidade crónica.
- Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN ENTRE CENTRO, FAMILIA E CONTORNO ESCOLAR

O Plan de Convivencia forma parte do Proxecto Educativo (PE) e tamén da Programación Xeral Anual (PXA). Así é que no PE están incluídos os fins educativos que orientan ó Plan de Convivencia. Na PXA incorpóranse as actuacións previstas no Plan de Convivencia para o curso académico.

Do mesmo xeito á xefa do Departamento de Orientación poderá asesorar ao Equipo Directivo, á Comisión Pedagóxica e ao profesorado cando se precise. Polo que é de

resaltar que no Plan de Orientación (PO) anual se deberán ter en conta as directrices previstas no plan de convivencia e tamén no Plan de Acción Titorial (PAT) prestar

atención á educación na convivencia na resolución de conflitos.

O Equipo Directivo e o profesorado, máis concretamente os titores, son as persoas encargadas do día a día e de trasladar as inquiredanzas existentes á CCP.

ACTIVIDADES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Reunirse primeiramente por cursos e logo de maneira global e revisar o documento.	Profesorado CCP DO Equipo Directivo	Trimestralmente
Autoavaliación da práctica docente.	Profesorado CCP DO	Ao longo de todo o curso.
Reunirse para revisar o documento.	Profesorado CCP Comisión de Convivencia DO Equipo Directivo	Trimestralmente
Reunirse o profesorado	CCP Consello Escolar DO Equipo Directivo	Anualmente.
Intercambiar experiencias e inquiredanzas.	Profesorado Equipo Directivo	Ao longo de todo o curso.
Reunións inicio de curso.	Mestre/a-Titor/a Familias	Ao inicio de cada curso escolar.
Entrevistas e tutorías personalizadas.	Mestre/a-Titor/a Familias	Ao longo de todo o curso escolar, ao menos unha por trimestre.
Buscar apoio ou consulta de información.	Profesorado. Equipo Directivo. Familias Concello Organizacións Atención temperá	Ao longo de todo o curso escolar.

9. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O equipo directivo dos centros docentes levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así é que a consellería facilitará a súa difusión por diferentes medios, das boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar.

Polo que tras a aprobación e difusión do Plan de Convivencia tanto no Claustro como no Consello Escolar difundirase a través de multitude de medios: conferencias, reunións co profesorado, coas familias, a través da páxina web do centro, na secretaría do centro...

O profesorado de todo o centro traballará a resolución de conflitos e recordará as normas de convivencia. O profesorado tutor incluírá o tema da convivencia nas reunións trimestrais de pais e desenvolverá o programa de habilidades sociais ao longo de todo o curso. E o equipo directivo exporá o plan de convivencia ante toda a comunidade educativa así como tamén as súas normas de convivencia para que sexa coñecido e aplicado no centro de maneira útil e eficaz.

10. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

A persoa responsable da dirección do centro garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da comunidade educativa. O resto do profesorado fará unha análise inicial do grupo para detectar posibles problemas de convivencia e expoñerá propostas de actuación.

O seguimento farase de xeito trimestral pola Comisión de Convivencia Escolar, esta elaborará ao final de cada curso escolar a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, en relación aos datos, actuacións e conclusións obtidas no proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren oportunas.

O Consello Escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia aprobará dita memoria do plan de convivencia e formará parte da memoria anual de centro e no PE.

No tocante á avaliación do plan realizarase atendendo a varios criterios:

- O grao de implicación e consecución dos obxectivos programados.
- Participación e valoración do alumnado e profesorado.
- Implicación e coordinación do Plan no centro.
- Partes de intervención do programa de habilidades sociais e patios inclusivos.
- Medidas correctoras aplicadas.
- Informes elaborados.
- Avaliación do proceso e dos resultados.

Algúns dos instrumentos de avaliación utilizados son os cuestionarios da Consellería de Educación que debe cubrir o alumnado, o profesorado e as familias unha vez por curso escolar, rexistros do cumprimento do plan, observación directa por parte de toda a comunidade educativa, memorias do centro...

12. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Bernabeu, N. e Goldstein, A. (2009). *Creatividade e aprendizaxe: o xogo como ferramenta pedagóxica*. Madrid: Narcea.
- Bisquerra, R. (julio, 2011). *Acción tutorial y educación emocional. 12 Congreso de Orientación Educativa*. México.
- Cerezo, F. (1997). *Conductas agresivas en la edad escolar. Aproximación teórica y metodológica. Propuestas de intervención*. Madrid: Ed. Pirámide.
- Durkheim, E. (1976). *La educación como socialización*. Salamanca: Sígueme.

García, A; Gutiérrez, F; Marqués, J; Román, R; Ruiz, F y Samper, M. (2000). Los juegos en la Educación Física de los 6 a los 12 años. Zaragoza: Inde.

González, A.M. (2011). *Guía orientadora para o desenvolvemento e avaliación da Acción Titorial*. Recuperado de:

Ortega, R; Del Rey, R y Gómez , P. (2002). *Estrategias educativas para la prevención de la violencia: mediación y diálogo*. Madrid: Narcea.

Lagar, G. (2015). *Patios y parques dinámicos: programa y herramientas de inclusión social para personas con Tea*. Bilbao: Trabe.

López Larrosa, S. (2009): *A relación familia-escola. Guía práctica para profesionais*. Madrid, España: Editorial CCS.

Torrego, J.C. (coord) y otros (2000): *Mediación de conflictos en instituciones educativas*. Madrid: Narcea.

Referencias lexislativas

Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Orden de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil y dos colexios de educación primaria.

Decreto 74/2011, de 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparten ensinos nos centros docentes sostidos con fondos públicos en la CA de Galicia.

Decreto 374/1996, de 17 de outubro, regulamento orgánico das escolas de educación infantil y dos colexios de educación primaria.

Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.

Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas de segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

Xunta de Galicia. (2016). *Orientacións sobre **Plan de Convivencia***. Santiago de Compostela, España. Xunta de Galicia.

Xunta de Galicia. (2015). *Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do **acoso e ciberacoso escolar***. Santiago de Compostela, España. Xunta de Galicia.

13. ANEXOS

ANEXO 1: PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS PARA O CENTRO

1. Habilidade de saudar

HHSS: Saudar		
TÍTULO: “O pitiño di Pio, pio, pio”		NIVEL: EI e 1º EP
OBXECTIVO	Que o alumnado saúde a nenos e adultos nas situacións apropiadas.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado explica que todos os animais e persoas cando se atopan o primeiro que fan é saudarse. Neste cole todos temos que aprender a saudarnos e para iso imos facer adestramento durante este mes	Asemblea
	Repártense parellas de animais a cada parella de nenos. O profesorado fai o saúdo dun animal e eles imitan coa voz dos que lles corresponderon.	Figuras de animais
	Búscase un saúdo fácil e propio para o grupo clase (canto máis especial mellor) como facer cóxegas na palma da man e dicir Ola! O profesorado fai con cada neno e logo pide que cada neno faga co compañeiro.	Vídeos, fotos, etc
	Establecen como norma facelo nas entradas da mañá e da tarde e adoptan un símbolo para recordalo (una man cun pauíño). O profesorado levántao e eles fan o saúdo do compañeiro/s que teñen máis cerca.	Pictogramas
	Na asemblea deberán dicir tamén quen os saudou e a quen saudaron	Asemblea
TEMPORALIZACIÓN	Presentación 2-3 días Adestramento 1- 2 meses Seguimento todo o curso	
METODOLOXÍA	Proponse ensinar una habilidade e empézase por dar una explicación do que se vai traballar A continuación faise un modelado no que o profesorado demostra o que se fai con cada individuo. Logo faise un adestramento e control durante un tempo. E, por último, faise un seguimento para asegurar que se instala o hábito nos alumnos.	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento. A profesora da aula fai un rexistro das veces e o número de alumnos que realizan o saúdo de xeito espontáneo.	

HHSS: Saudar		
TÍTULO: “Mírame que te saúdo”		NIVEL: 2º a 6º
OBXECTIVO	Que o alumnado perciba o saúdo como un sinal de atención, cariño e cortesía aos outros”.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado explica que cando non se saúdan as persoas é sinal de moito enfado ou de mala educación. Saudar é unha mostra de afecto e respecto que facemos coas persoas, incluso cos animais pero non coas cousas... e ninguén queremos que nos traten como cousas. O saúdo sempre debe ir acompañado de mirada aos ollos e sorriso.	Asemblea
	O profesorado pregunta sobre tipos de saúdos que coñecen e saen de dos en dous a facer a práctica de saúdo con mirada e sorriso.	Dramatización
	Por parellas os nenos pensan tres tipos de saúdos que lles gusta facer aos seus amigos, aos papás ou avós e aos veciños ou coñecidos. Cada grupo fai un saúdo e os demais deben adiviñar a quen vai dirixido.	Traballo por parellas
	Búscase un saúdo fácil e propio para o grupo clase (canto máis especial mellor) Faise unha dinámica de grupos montando dous corros concéntricos e xirando en sentido contrario ata que o profesorado diga “parar” entón saúdanse con mirada e sorriso.	Dinámica de grupos
	Establecen como norma facer o saúdo elixido nas entradas da mañá	
TEMPORALIZACIÓN	Presentación 1 sesión Adestramento 1- 2 meses Seguimento todo o curso	
METODOLOXÍA	Proponse ensinar una habilidade e empézase por dar una explicación do que se vai traballar A continuación faise un modelado no que o profesorado demostra o que se fai con cada individuo. Logo faise un adestramento e control durante un tempo. E, por último, faise un seguimento para asegurar que se instala o hábito nos alumnos.	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento A profesora da aula fai un rexistro das veces e o número de alumnos que realizan o saúdo de xeito espontáneo.	

2. Habilidade de identificar e expresar emocións

HHSS: Identificar e expresar emocións		
TÍTULO: “ Gústame, non me gusta”		NIVEL: EI
OBXECTIVO	Que o alumnado sexa capaz de expresar os sentimentos positivos e negativos dunha forma san sentíndose ben consigo mesmo e cos demais.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado presenta as catro caras de alegría, tristeza, medo e ira, describindo como ten cada unha os ollos e a boca asociándoa coa acción que provoca: saltar, chorar, berrar, escapar.	Asemblea
	Repártense unha serie de cartolinas con situacións e tarxetas con caras, logo pide aos nenos que relacionen cada unha co sentimento que provoca neles levantándose o que ten a cara correspondente.	Cartolinas e tarxetas plastificadas
	Búscanse situacións que se repiten na aula e provocan as distintas emocións. Logo propónse unha reacción san a ese sentimento: Cando me collen o sitio na fila dígolle con palabras” por favor, estaba eu, ponte detrás” en vez de chorar ou berrar	Dramatización
	Cando entramos do recreo cada neno colle unha tarxeta e conta que situación ocorreu, que emoción sentiu (elixe a cara) e como actuou.	Grupo clase
TEMPORALIZACIÓN	Presentación 1 días Adestramento 1- 2 meses Seguimento todo o curso	
METODOLOXÍA	Propónse ensinar una habilidade e empézase por dar una explicación do que se vai traballar A continuación faise un modelado no que o profesorado demostra a reacción facial de cada emoción Logo faise un adestramento e control durante un tempo na entrada do recreo. E, por último, faise un seguimento para asegurar que se instala o hábito nos alumnos.	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento. A profesora da aula fai un rexistro das veces e o número de alumnos que verbalizan o que senten e reaccionan cunha conduta adaptada.	

HHSS: Identificar e expresar emocións		
TÍTULO: “ Gústame, non me gusta”		NIVEL: 1º a 4º
OBXECTIVO	Que o alumnado sexa capaz de expresar os sentimentos positivos e negativos dunha forma san sentíndose ben consigo mesmo e cos demais.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado presenta as seis emocións básicas de alegría, tristeza, medo, vergoña, noxo e ira asociándoa con posibles situacións que as provocan	Asemblea
	O profesorado vai chamando cada neno e pégalle unha tarxeta cun emoticono e os demais teñen que imitar o xesto de forma que o neno adiviñe que emoción leva pegada.	Cartolinas e tarxetas plastificadas
	Búscanse situacións que se repiten na aula e provocan as distintas emocións. Logo propónse unha reacción san a ese sentimento: Cando me collen o sitio na fila dígolle con palabras” por favor, estaba eu, ponte detrás” en vez de chorar ou berrar	Dramatización
	Cando entramos do recreo cada neno colle unha tarxeta e conta que situación ocorreu, que emoción sentiu(elixe a cara) e como actuou e métea nun bote que se abrirá ao final da semana.	Bote das emocións
TEMPORALIZACIÓN	Presentación 1 días Adestramento 1- 2 meses Seguimento todo o curso	
METODOLOXÍA	Propónse ensinar una habilidade e empézase por dar una explicación do que se vai traballar A continuación faise un modelado no que o profesorado demostra a reacción facial de cada emoción Logo faise un adestramento e control durante un tempo na entrada do recreo. E, por último, faise un seguimento para asegurar que se instala o hábito nos alumnos.	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento A profesora da aula fai un rexistro das veces e o número de alumnos/as que verbalizan o que senten e reaccionan cunha conduta adaptada.	

HHSS: Identificar e expresar emocións		
TÍTULO: “Gústame, non me gusta”		NIVEL: 5º e 6º
OBXECTIVO	Que o alumnado sexa capaz de expresar os sentimentos positivos e negativos dunha forma san sentíndose ben consigo mesmo e cos demais.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado presenta as emocións básicas de alegría, tristeza, medo, vergoña, envexa e ira asociándoa con posibles situacións que as provocan	Asemblea
	Por equipos repártese a cada grupo os seis emoticonos. Cada grupo ten que recoñecer as diferentes emocións en situación típicas	Cartolinas e tarxetas plastificadas
	Das diferentes películas de debuxos animados analízase escenas dos “malos” e identifícanse as diferentes emocións que senten os personaxes	Escenas de debuxos animados
	Cada grupo analiza unha situación da clase que lles resulta máis agradable ou desagradables, identifican as emocións e propoñen unha expresión escrita que exprese esa emoción de xeito que resulte aceptable estando nun grupo de amigos, outra que resulte inaceptable e unha terceira que avergoñe ao que a emite.	Reflexión e posta en común
TEMPORALIZACIÓN	Presentación 1 días Adestramento 1- 2 meses Seguimento todo o curso	
METODOLOXÍA	Proponse ensinar una habilidade e empézase por dar una explicación do que se vai traballar A continuación faise un modelado no que o profesorado demostra a reacción facial de cada emoción . Logo faise un adestramento de identificación de emocións e respostas socialmente adaptadas en situación alleas. E, por último, faise unha aplicación na propia realidade dos alumnos.	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento A profesora da aula fai un rexistro das veces e o número de alumnos que verbalizan o que senten e reaccionan cunha conduta adaptada.	

3. Habilidade de comunicación asertiva

HHSS: Asertividade		
TÍTULO: “Comunicar como tartaruga, dragón ou persoa”		Nivel: EI e 1º EP
OBXECTIVO	Ser quen de dicir a nosa opinión, expresar as ideas e defendernos sen facer dano.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado explica que as veces facemos como un dragón (mancamos), outras como unha tartaruga (escondémonos) e algunhas veces como nenos (persoas que saben falar). Repártense tarxetas e cada neno dramatiza como fai o seu personaxe.	Dramatización
	Os profesionais presentan diferentes situacións conflitivas e os nenos teñen que levantar a tarxeta correspondente segundo se actuou como un dragón, como unha tartaruga ou coma un neno.	Tarxetas coas figuras (neno/a tartaruga, dragón)
	O profesorado propón aos nenos dar un aplauso cando se comportan como persoas porque piden as cousas falando. No momento de sentarse na asemblea o profesorado resalta cando algún neno pide as cousas falando e propón un aplauso dándolle un distintivo (medallón) que poderá gañar outro que repita a mesma conduta, pasando de neno a neno ata que todos consigan medalla.	Asemblea e rexistro de conduta
TEMPORALIZACIÓN	2 sesións de clase, unha cada semana para presentación e desenvolvemento Un trimestre para identificar e practicar estilos. Seguimento unha vez por mes.	
METODOLOXÍA	Empézase por dar una explicación sobre a habilidade con modelado de cada un dos estilos. Logo faise un adestramento e control durante un tempo. E, por último, faise un seguimento para asegurar que se instala o hábito nos alumnos.	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento, profesorado e alumnado fan un rexistro das veces e o número de alumnos que realizan a comunicación con estilo asertivo nun conflito, de xeito espontáneo.	

HHSS: Asertividade		
TÍTULO: “Comunicar como tartaruga, dragón ou persoa”		Nivel: 2º a 4º EP
OBXECTIVO	Ser quen de dicir a nosa opinión, expresar as ideas e defendernos sen facer dano.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado explica que existen tres estilos de comunicación que podemos asociar co dragón (agresivo), a tartaruga (pasivo) e a persoa (asertivo). Lense e coméntanse exemplos de cada un.	Grupos cooperativos
	O alumnado analiza en grupo diferentes exemplos de comportamentos no cole e identifican os diferentes estilos discutindo e razoando cada unha das decisións.	Ficha de exemplos
	O profesorado propón aos grupos diferentes situacións conflitivas nas que cada un dos membros do grupo elixe un estilo de comunicación e nunha papeleta co membrete de tartaruga, dragón, persoa ou narrador. Cada membro do grupo escribe a mensaxe correspondente, tendo en conta que debe ser identificada polos demais grupos.	Dous profesores/as na aula
	Cada grupo dramatiza o conflito e os estilo de comunicación e outro grupo debe identificar cal é cal, previa discusión de minutos cos compañeiros.	Role Playing
	Durante un trimestre os alumnos están deben identificar no patio situación conflitivas e estilos de comunicación que terán que dramatizar na aula.	Ficha de rexistro
TEMPORALIZACIÓN	2 sesións de clase, unha cada semana para presentación e desenvolvemento Un trimestre para identificar e practicar estilos. Seguimento unha vez por mes.	
METODOLOXÍA	Empézase por dar una explicación sobre a habilidade con modelado de cada un dos estilos. Logo faise un adestramento e control durante un tempo. E, por último, faise un seguimento para asegurar que se instala o hábito nos alumnos.	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento ,profesores e alumnos fan un rexistro das veces e o número de alumnos que realizan a comunicación con estilo asertivo nun conflito, de xeito espontáneo.	

HHSS: Asertividade		
TÍTULO: “Comunicar como tartaruga, dragón ou persoa”		Nivel: 5º, 6º EP
OBXECTIVO	Ser quen de dicir a nosa opinión, expresar as ideas e defendernos sen facer dano.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado explica que existen tres estilos de comunicación que podemos asociar co dragón (agresivo), a tartaruga (pasivo) e a persoa (asertivo). Lense e coméntanse exemplos de cada un.	Grupos cooperativos
	Coa ficha tartaruga, dragón, persoa, os alumnos analizan en grupo diferentes exemplos e identifican os diferentes estilos discutindo e razoando cada unha das decisións.	Celia Rodríguez Ruiz
	O profesorado propón aos grupos recordar ou inventar unha situación conflitiva na que cada un dos membros do grupo elixe un estilo de comunicación e nunha papeleta co membrete de tartaruga, dragón, persoa ou narrador. Cada membro do grupo escribe a mensaxe correspondente, tendo en conta que debe ser identificada polos demais grupos e para non facilitarlles demasiado, a diferenza debe ser sutil.	Dous profesores na aula
	Cada grupo dramatiza o conflito e os estilo de comunicación e outro grupo debe identificar cal é cal, previa discusión de minutos cos compañeiros.	Role Playing
	Durante un trimestre os alumnos están emprazados a identificar no patio situación conflitivas e estilos de comunicación que terán que dramatizar na aula.	Ficha de rexistro
TEMPORALIZACIÓN	2 sesións de clase, unha cada semana para presentación e desenvolvemento Un trimestre para identificar e practicar estilos. Seguimento unha vez por mes.	
METODOLOXÍA	Empézase por dar una explicación sobre a habilidade con modelado de cada un dos estilos. Logo faise un adestramento e control durante un tempo. E, por último, faise un seguimento para asegurar que se instala o hábito nos alumnos/as.	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento, profesores e alumnos fan un rexistro das veces e o número de alumnos que realizan a comunicación con estilo asertivo nun conflito, de xeito espontáneo.	

4. Habilidade de Escoita activa

HHSS: Escoita activa		
TÍTULO: “Cazando palabras”		Nivel: EI e 1º EP
OBXECTIVO	Ser quen de concentrarse no que che din entendendo o que fala.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado explica que vamos a ser detectives que van atopar palabras perdidas, Para iso temos que estar moi atentos ao que di o profesorado e sen que se nos pase nada.	Ficha explicativa
	O alumnado ten diante un montón de fichas de cores. O profesorado pon na pantalla un debuxo dunha froita e a ficha coa que a asociamos. Cando o profesorado diga esa palabra os nenos teñen que coller unha ficha. Ao final teñen que ter o número exacto de fichas segundo as veces que o profesorado pronunciou a palabra (pode ser nunha retahíla, nunha poesía ou nun conto. (pódese diversificar con máis dunha palabra asociada cunha forma ou cor).	Xogo de atención
	O profesorado propón un xogo popular no que, partindo dunha frase “onte comín mazas,” Cada neno vai engadindo unha comida e o seguinte ten que repetilas todas na mesma orde.	Dinámica de xogos
	Unha variante é o xogo dinámico de “Simón di que me toque...” que implica escoitar, recordar e repetir as acción anteriores	“Simón di”
TEMPORALIZACIÓN	1 sesións de clase, durante varios días. Seguimento ao realizar outras actividades de explicación onde se controlará a atención e escoita	
METODOLOXÍA	Empézase por dar una explicación sobre a habilidade con indicacións dos comportamentos correctos ou incorrectos de escoita. Logo faise unha serie de xogos de práctica. E, por último, faise un debate para asegurar que se comprende e aplica a habilidade.	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento, profesores e alumnos fan un rexistro das veces e o nº de alumnos que realizan a escoita coas condicións traballadas, de xeito espontáneo.	

HHSS: escoita activa		
TÍTULO: “Teléfono escacharrado”		Nivel: 2º a 4º EP
OBXECTIVO	Ser quen de concentrarse no que che din e o sentido que ten para o que fala.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado explica que saber escoitar é moi importante na comunicación, e aínda que non o pareza, en moitas ocasións non escoitamos de verdade. Pon exemplos do que se debe ou non se debe facer.	Ficha explicativa
	O profesorado propón un xogo de escoita no que cada alumno debe estar atento a unha lectura e dicir stop cando apareza a palabra previamente sinalada. Pode haber varias palabras por filas ou grupos	Xogo de atención
	O profesorado propón aos grupos facer unha cadea de xeito que o primeiro do grupo lea unha frase e a transmita ao 2º e logo este ao 3º. Ao final compróbase o grao de atención e escoita vendo a fidelidade coa que foi transmitida ao final. Pódese xuntar grupos para dificultar a transmisión e comparar os resultados finais.	Dinámica de xogos “teléfono escacharrado”
	O profesorado presenta un tema e cada grupo discute para atopar un argumento a favor e un en contra. De dous en dous, un portavoz de cada grupo defende o seu argumento. Deben escoitar seguindo os criterios establecidos na primeira ficha do que está ben ou non.	Argumentación
TEMPORALIZACIÓN	2 sesións de clase, unha para o cuestionario e xogo e outra para o debate. Seguimento ao realizar outras actividades de debate, nas que se terá diante a ficha do que está ben e mal.	
METODOLOXÍA	Empézase por dar una explicación sobre a habilidade con indicacións dos comportamentos correctos ou incorrectos de escoita. Logo faise unha autoavaliación controlada por terceiros e un xogo motivador de práctica. E, por último, faise un debate para asegurar que se comprende e aplica a habilidade.	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento, profesorado e alumnado fan un rexistro das veces e o nº de alumnos que realizan a escoita coas condicións traballadas, de xeito espontáneo.	

HHSS: escoita activa		
TÍTULO: “Teléfono escacharrado”		Nivel: 5º, 6º EP
OBXECTIVO	Ser quen de concentrarse no que che din e o sentido que ten para o que fala.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado explica que saber escoitar é moi importante na comunicación, e aínda que non o pareza, en moitas ocasións pasamos moito tempo pendentes do que nosoutros pensamos e do que nosoutros dicimos en vez de escoitar activamente ao outro. Pon exemplos do que se debe ou non se debe facer.	Ficha explicativa
	O alumnado realiza un cuestionario para coñecer o seu nivel de escoita. Un compañeiro debe corrixilo e opinar se a valoración que fai de si mesmo coincide coa súa percepción pola experiencia no cole.	Cuestionario de escoita activa. Departamentos de Orientación Zona Lora del Río (Sevilla)
	O profesorado propón aos grupos facer unha cadea de xeito que o primeiro do grupo lea unha frase e a transmita ao 2º e logo este ao 3º. Ao final compróbase o grao de atención e escoita vendo a fidelidade coa que foi transmitida ao final. Pódese xuntar grupos para dificultar a transmisión e comparar os resultados finais.	Dinámica de xogos “teléfono escacharrado”
	A profesora presenta un tema e cada grupo discute para atopar un argumento a favor e un en contra. De dous en dous, un portavoz de cada grupo defende o seu argumento. Deben escoitar seguindo os criterios establecidos na primeira ficha do que está ben ou non.	Argumentación
TEMPORALIZACIÓN	2 sesións de clase, unha para o cuestionario e xogo e outra para o debate. Seguimento ao realizar outras actividades de debate, nas que se terá diante a ficha do que está ben e mal.	
METODOLOXÍA	Empézase por dar una explicación sobre a habilidade con indicacións dos comportamentos correctos ou incorrectos de escoita. Logo faise unha autoavaliación controlada por terceiros e un xogo motivador de práctica. E, por último, faise un debate para asegurar que se comprende e aplica a habilidade.	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento, profesores e alumnos fan un rexistro das veces e o número de alumnado que realizan a escoita coas condicións traballadas, de xeito espontáneo.	

5. Habilidade de Empatía

HHSS: Empatía		
TÍTULO: “Eu coma ti”		Nivel: EI e 1º a 4º EP
OBXECTIVO	Ser quen de experimentar a empatía como sentimento.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado explica que empatía é intentar pensar e sentir o que senten os outros nenos e nenas cando lles pasa algo.	Remuíño de ideas na asemblea
	Visionado do vídeo “El enfado de Roqui”. Contestan as preguntas sobre os personaxes.	Vídeo “El enfado de Roqui”
	A profesora pon unha serie de tarxetas con debuxos de situación vistas no vídeo e outras novas. Cada neno ten que dicir como se sente e que faría para solucionalo.	Xogo das tarxetas
	Un neno ou nena fai de mimo e ten que representar unha situación para que os demais identifique que sucede e como se sente (que se cae e se fai dano, que abre un regalo, que lle enferma a mascota, que esta solo)	Xogos de mímica
TEMPORALIZACIÓN	1 sesións de clase. Seguimento repetindo os xogos cada semana.	
METODOLOXÍA	Empézase por dar una explicación sobre a habilidade con exemplos de situacións que nos producen alegría ou tristeza. Logo faise un visionado do vídeo para experimentar os sentimentos dos personaxes . E, por último, fanse xogos nos que cada neno debe poñerse na situación que ve na tarxeta e buscar unha solución.	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento, profesorado e alumnado fan autoavaliación sobre as ocasións onde fixo un “cambio de zapatos” para poñerse no lugar dos outros.	

HHSS: Empatía		
TÍTULO: “Nos teus zapatos”		Nivel: 4º a 6º EP
OBXECTIVO	Ser quen de poñerse no punto de vista do outro, recoñecer as súas emocións, os seus motivos, os seus sentimentos.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado explica que empatía é poñerse na pel dos outros e intentar pensar e sentir coma eles. Propón o símil de cambiar os zapatos e varias sentencias para interpretar cos zapatos de outro	Ficha explicativa
	Visionado do vídeo “Mis zapatos” na 1º parte. Ficha de traballo en grupo na que reflexionan sobre o que pensan e senten cada un dos personaxes. A continuación remátase de ver o vídeo e contestan de novo as mesmas preguntas. Reflexionan sobre que as cousas non son sempre como parecen.	Vídeo “Mis zapatos”
	A profesora pide que reflexionen sobre algunha situación que se lle poida parecer na que pensemos que outro neno ten mellor situación que nos.	Remuíño de ideas.
TEMPORALIZACIÓN	1 sesións de clase. Seguimento ao realizar outras actividades de negociación, resolución de conflitos.	
METODOLOXÍA	Empézase por dar una explicación sobre a habilidade con exemplos de sentenzas con falla de empatía Logo faise un visionado en dúas fases para experimentar o cambio de punto de vista. E, por último, faise un remuíño de ideas onde expoñen exemplos da súa práctica cotiá semellantes á historia do vídeo	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento, profesorado e alumnado fan autoavaliación sobre as ocasións onde fixo un “cambio de zapatos” para poñerse no lugar dos outros.	

6. Habilidade de desculparse

HHSS: Desculparse		
TÍTULO: “Perdona, perdono”		NIVEL: E I e 1º EP
OBXECTIVO	Que o alumnado adquira o hábito de pedir desculpas.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado explica que cando facemos dano a outros vemos que están tristes pero podemos consolalos dicíndolles que non queriamos e pedindo perdón.	Asemblea
	O profesorado fai parellas e pon diante de cada neno un xoguete. Explica que vamos facer de mentira como se lle colleramos o xoguete ao outro. Cada parella vai facendo o simulacro no que un dos nenos se queda cos dous xoguetes e posteriormente o devolve pedindo perdón e facendo algunha caricia.	Dramatización
	Ao remate todos cantan e escenifican unha canción “cancións infantís para pedir perdón”	? v=KDUCLsw7nak
	Establecen como norma desculparse sempre ante un conflito cunha fórmula e unha caricia determinada.	Pictogramas
	Na entrada do recreo deberán dicir tamén quen se desculpou e como o fixo.	Asemblea
TEMPORALIZACIÓN	Presentación 2 días Adestramento 1- 2 meses Seguimento todo o curso	
METODOLOXÍA	Propónse ensinar una habilidade e empézase por dar una explicación do que se vai traballar A continuación faise un modelado no que o profesorado demostra o que se fai con cada neno. Logo faise un adestramento e control durante un tempo. E, por último, faise un seguimento para asegurar que se instala o hábito nos alumnos.	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento. O profesorado da aula fai un rexistro das veces e o número de alumnado que realizan o saúdo de xeito espontáneo.	

HHSS: Desculparse		
TÍTULO: “Perdona, perdono”		NIVEL: 1º a 4º EP
OBXECTIVO	Que o alumnado sexa capaz de valorar un conflito separando o dano ocasionado da intención de facelo e recoñecer as vantaxes de pedir desculpas.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado explica que todos cometemos erros e algúns deles causan danos nos demais. Arrepentirse e pedir desculpas tranquiliza e consola a quen llo fixemos e a nós mesmos.	Asemblea
	Proxéctanse imaxes de situacións (xoguete ou debuxo roto, empuxón e caída, enfado e insulto...) O profesorado fai preguntas Que pasou? Cales son as consecuencias? Como se pode arranxar? Foi adrede? Está arrepentido?.	Imaxes de conflitos
	Ensáíase unha posible forma de desculpa para cada caso, facendo fincapé nas palabras pero tamén na actitude. O profesorado fai un ensaio da situación de desculpa, nun caso coa actitude de humildade e arrepentimento e noutra con xesto arrogante. Dous voluntarios deberán dramatizar cada unha das situacións presentadas e o grupo debe decidir cal é válida.	Dramatización
	Ao remate todos cantan e escenifican unha canción “cancións infantís para pedir perdón”	? v=KDUCLsw7nak
	Na entrada do recreo deberán dicir tamén quen se desculpou e como o fixo.	Asemblea
TEMPORALIZACIÓN	Presentación 2 días Adestramento 1- 2 meses Seguimento todo o curso	
METODOLOXÍA	Propónse ensinar una habilidade e empézase por dar una explicación do que se vai traballar A continuación faise un modelado no que o profesorado demostra o que se fai con cada neno. Logo faise un adestramento e control durante un tempo. E, por último, faise un seguimento para asegurar que se instala o hábito nos alumnos.	

AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento A profesora da aula fai un rexistro das veces e o número de alumnado que realizan o saúdo de xeito espontáneo.	
HHSS: Desculparse		
TÍTULO: “Perdona, perdono”		NIVEL: 5º e 6º EP
OBXECTIVO	Que o alumnado sexa capaces de recoñecer os erros cometidos e pedir desculpas.	RECURSOS
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	O profesorado explica que todos cometemos erros e algúns deles causan danos nos demais. Recoñecelo e pedir desculpas é mostra de valentía non de debilidade.	Asemblea
	Cada alumno debe describir un suceso no que meteu moito a pata ou fixo un dano el mesmo ou alguén coñecido, aclarando se pediu perdón o non e por que?	Conversa
	Logo fórmanse grupos de catro para cubrir unha ficha coas vantaxes e desvantaxes de pedir perdón en relación con diferentes aspectos, a dificultade e forma de facelo, a posibilidade recibir maior ou menor castigo, os sentimentos propios e alleos, as consecuencias que sufriremos os días seguintes, ..	Debate
	Unha vez á semana deberán dicir tamén quen se disculpou e como o fixo, canto lle costou, etc..	Asemblea
TEMPORALIZACIÓN	Presentación 1 días Adestramento 1- 2 meses Seguimento todo o curso	
METODOLOXÍA	Proponse ensinar una habilidade e empézase por dar una explicación do que se vai traballar A continuación faise un modelado no que o profesorado demostra o que se fai con cada neno. Logo faise un adestramento e control durante un tempo. E, por último, faise un seguimento para asegurar que se instala o hábito nos alumnos.	
AVALIACIÓN	Finalizado período de adestramento A profesora da aula fai un rexistro das veces e o nº de alumnos que realizan o saúdo de xeito espontáneo.	

EXEMPLO DE MATERIAIS UTILIZADOS

ESCOITA ACTIVA



Saber escoitar é moi importante na comunicación, e aínda que non o pareza, en moitas ocasións pasamos moito tempo pendentes do que nosoutros pensamos e do que nosoutros dicimos en vez de escoitar activamente ao outro.

A escoita activa non é tan fácil, hai que esforzarse e concentrarse no que che din e no que senten.

Non está ben



Interromper ao que fala

Xulgalo e querer impoñer as túas ideas

Ofrecer axuda antes de tempo, con falta de información

Contar a túa propia historia en vez de escoitar a súa

Está ben



Mirar aos ollos mentres escoitas

Non distraerse

Adoptar a mesma expresión (triste ou alegre) que ten a persoa

Preguntar sobre o que che din

ESCOITA ACTIVA**SÍ O NO- ESCUCHA ACTIVA****1.- TIEMPO DE APLICACIÓN: 20 MINUTOS**

2.- BREVE EXPLICACIÓN PARA LA REALIZACIÓN: A continuación debes contestar el cuestionario para indagar sobre tu capacidad de escucha.

Contesta sí o no.

a) No dejo a mis compañeros terminar de hablar. Siempre me adelanto.	
b) Cuando un amigo me cuenta algo, estoy pensando en otra cosa.	
c) Mientras escucho hago gestos y digo expresiones como Aja!, Ya, etc., para hacerle saber a la otra persona que le estoy prestando atención.	
d) Pienso que a las personas no les importa que las interrumpa.	
e) Me aburre cuando un amigo me cuenta un problema.	
f) Cuando me regañan, “por un oído me entra y por otro me sale”.	
g) Si no comprendo lo que una persona me dice, pregunto para entenderla.	
h) Solo discuto si estoy seguro de llevar razón.	
i) Si no interrumpiera a los adultos mientras me hablan, seguirían durante horas.	
j) Si se enfadan conmigo, lo mejor que puedo hacer es escuchar y callar.	
k) He escuchado la misma regañina infinidad de veces. Así que pienso en otra cosa mientras escucho.	
l) Si no me dicen exactamente lo que quieren de mí, yo no puedo hacer nada	

Departamentos de Orientación Zona Lora del Río (Sevilla)

VALORACION: Un punto por cada NO

Más de 5 puntos: Sabes escuchar sin interrumpir. Prestas a las personas la atención que merecen. Esto te permitirá desarrollar excelentes relaciones. ¡Felicidades!

Menos de 5 puntos: No dejas hablar a las personas y no te concentras en lo que te dicen.

Debes saber que entender a las personas requiere toda tu atención. Y darte cuenta de cómo se siente la persona que te habla. Solo así lograras que tus relaciones con los demás sean satisfactorias y duraderas.

VALORACION: Un punto por cada NO

Más de 5 puntos: Sabes escuchar sin interrumpir. Prestas a las personas la atención que merecen. Esto te permitirá desarrollar excelentes relaciones. ¡Felicidades!

Menos de 5 puntos: No dejas hablar a las personas y no te concentras en lo que te dicen.

Debes saber que entender a las personas requiere toda tu atención. Y darte cuenta de cómo se siente la persona que te habla. Solo así lograras que tus relaciones con los demás sean satisfactorias y duraderas.

VALORACION: Un punto por cada NO

Más de 5 puntos: Sabes escuchar sin interrumpir. Prestas a las personas la atención que merecen. Esto te permitirá desarrollar excelentes relaciones. ¡Felicidades!

Menos de 5 puntos: No dejas hablar a las personas y no te concentras en lo que te dicen.

Debes saber que entender a las personas requiere toda tu atención. Y darte cuenta de cómo se siente la persona que te habla. Solo así lograras que tus relaciones con los demás sean satisfactorias y duraderas.

TELÉFONO ESCACHARRADO: frases de inicio

A escoita activa non é tan fácil, hai que esforzarse e concentrarse no que che din e no que senten.

 “Hoxe levo tenis porque as botas tiñan un bo burato na sola”	 “Non puido ir ao fútbol porque se quedou enganchado xogando en liña”
 “A miña comida favorita son os espaguetes pero xa vale de cealos sempre”	 “Como non cambie o tempo non vou poder ir montar a cabalo o sábado”
 “Cada vez que chamo a Laura sáeme un tipo de Madrid con voz ronca”	 “Os veciños de meu avó fan festa todos os venres ata as 2 da mañá”

EMPATÍA

A empatía é a capacidade de saber que lle pasa a outra persoa, de comprender os seus sentimentos e os motivos para facer algo.



POÑERSE NOS ZAPATOS DE OUTRO E VER AS COUSAS COMO SE FORAS EL

DASTE CONTA DE QUÉ...?

Cando outro actúa mal, dicimos que ten mal xenio;
pero cando tu o fas, son os nervios.

Cando o outro fai as cousas con calma, é unha tartaruga;
pero cando ti o fas amodo é porque che gusta pensar as cousas.

Cando o outro atopa defectos nas cousas, é maniático;
pero cando o fas ti é porque sabes diferenciar o que está ben feito.

Cando outro rompe algo, é torpe; cando ti o fas foi por causas alleas.

Poñéndonos nos seus zapatos....

Cando outro actúa mal, **dicimos que ten mal xenio;**
pero cando tu o fas, son os nervios.

Cando o outro fai as cousas con calma, **é unha tartaruga;**
pero cando ti o fas amodo é porque che gusta pensar as cousas.

Cando o outro atopa defectos nas cousas, **é maniático;**
pero cando o fas ti é porque sabes diferenciar o que está ben feito.

Cando outro rompe algo, é torpe; cando ti o fas foi por causas alleas

Vídeo “Mis zapatos”

1. Que pensa? Que diría?



2. Que pensa? Que diría?



PONTE NOS SEUS ZAPATOS

Eu son _____	
Mellor amigo/a	
Cor preferida	
Comida que odio	
Son moi bo/boa en	
Xogo preferido	
Canción preferida	
Animal que non me gusta	
De maior queredría ser	
Chuche que máis me gusta	
Dáme medo	
Dáme pereza facer	
Roupa que me gusta levar	
Non quero pensar en	

ASERTIVIDADE

Explicación: Cando nos comunicamos cos demais é moi importante que poidamos dicir a nosa opinión, expresar as nosas ideas e defendernos dos ataques e ao mesmo tempo non atacar aos demais, non facerlles dano coa nosa forma de comunicarnos. Existen tres estilos de comunicación que vamos a explicar a continuación:

- Dragón (Estilo agresivo): Este estilo é o que utiliza o dragón, impón os seus sentimentos, as súas ideas e opinións. Comunícanse ameazando, insultando e agredindo. O dragón solta lume pola boca cando fala.
- Tartaruga (Estilo pasivo): A tartaruga escóndese na súa cuncha cando lle dicimos algo. Non defenden os seus intereses, non expresan nin sentimentos nin ideas nin opinións.
- Persoa (Estilo asertivo): As persoas comunicámonos coas palabras. É importante usar ben as palabras e respectar os nosos propios dereitos así coma os dos demais. Este estilo de comunicación permítenos dicir o que nos molesta sen facer dano aos demais.


Estilo Tartaruga, Dragón, Persoa: _ Sinala cunha cun x o estilo que corresponde a cada frase (algunha pode ter máis dun estilo).			
	Tartaruga (pasivo)	Dragón (agresivo)	Persoa (asertivo)
Non lle importan as opinión dos demais			
Non sabe dicir que non			
Escoita aos demais con respecto			
Di as súas opinión respectando aos demais			
Déixase influenciar			
Non lle importa facer dano aos demais			
Pode insultar, ameazar e humillar			
Non ten medo de dicir o que pensa			
Asústalle o que os demais poidan pensar			
Sabe dicir que non a algo sen sentirse culpable			
Ten en conta as opinión e sentimentos dos			

demais			
Actúa con seguridade e firmeza			
Raramente fai o que quere			
Métese cos demais cando non lle parece ben a súa opinión			
Trata de manipular aos outros			

www. educayaprende.com

Celia Rodríguez Ruiz

Actividade de **Role Playing** (Imaxinamos un problema e cada membro do grupo representa un estilo)

PROBLEMA	Tartaruga 
dragón 	persoa 

ANEXO 2: PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Defínese o período de adaptación como o período de tempo que transcorre desde que o neno/a se incorpora á escola ata que está integrado no seu grupo-clase. Pode ademais considerarse como o proceso mediante o cal o neno/a vai superando de forma positiva o conflito que lle ocasiona a separación da familia e o enfrontamento cun novo medio social.

1.- Estratexias a seguir durante o PA:

No que se refire á organización espacial procurarase que a aula sexa de fácil acceso, agradable e co material ao alcance dos nenos/as. Estableceranse normas do uso común do material e haberá algún espazo onde poidan ter obxectos que traian das súas casas.

No que ao tempo se refire, a organización do mesmo será flexible e dinámica, con momentos de encontros (assemblea), prestando tamén moita atención ás entradas, saídas e aos momentos de xogo no patio.

Os horarios dos primeiros días de permanencia van ser algo máis curtos e, paulatinamente, iranse ampliando ata permanecer a totalidade do horario segundo a planificación do centro recollida na PXA.

As familias teñen unha gran importancia neste proceso. É importante crear un clima de tranquilidade e confianza e manter contactos previos á escolarización mediante reunións, entrevistas...

2.- Fases do programa de incorporación á escola:

Como no último trimestre do curso pasado (2017-2018), non houbo programa de incorporación para os novos escolares, planifícase no inicio do novo curso (2018-2019).

Previo ao inicio das clases manterase unha reunión informativa cos pais/nais para falar das pautas a seguir, as normas establecidas e o compromiso que supón para eles o cumprimento das mesmas.

Comentaremos de forma pormenorizada os aspectos programados para este período, así como o seu desenvolvemento, para transmitirles seguridade e tranquilidade durante o mesmo.

Establecemos dende **o 11 ata o 24 de setembro** unha organización especial que fará referencia aos seguintes aspectos: colaboración e participación coas familias; flexibilización do calendario e horario para os novos escolares; actividades encamiñadas cara a unha mellor adaptación e agrupamento flexible do alumnado.

Os **obxectivos** que propoñemos neste período son:

- a) Para o **nen/a**: aceptar o novo espazo e ser capaz de moverse nel libremente; explorar o novo material; adaptarse ás rutinas; comprender e recordar as normas e pautas que a mestra vai establecendo; admitir progresivamente a separación dos seus pais e establecer vínculos de afectividade cos demais nenos/as e coa mestra.
- b) Para o **pai/nai**: superar a angustia da separación; confiar no equipo docente; despedirse do seu fillo/a sen enganos e seguridade e coñecer e valorar o período polo que pasa o neno/a.
- c) Para a **mestra**: amosar unha actitude receptiva a cada alumno/a; permitir que os nenos/as coñezan o centro e exploren os materiais existentes na aula; programar actividades atractivas; coñecer ao grupo a través da observación, recollendo datos como as preferencias, os intereses, a capacidade de razoamento, a linguaxe, a autonomía, a iniciativa...

A principios do mes de setembro preparamos a entrada graduada dos nenos/as que comezan o novo curso. Durante a primeira semana (11-13 setembro) distribuiremos aos alumnos/as en tres grupos, do 16 ao 20 de setembro en dous grupos e os días 23 e 24 de setembro nun só grupo.

A hora de entrada e saída será flexible, a primeira semana permanecerán na aula 1h, na segunda semana estarán 1h. e media e os dous últimos días 2h. A partir do 25 de setembro asistirán xa en horario normal.

Nas actividades programadas para estes días prestarase especial atención ao descubrimento e exploración dos espazos, manipulación de materiais e á interacción e integración grupal.

É importante coidar o momento da despedida. Os pais ou acompañante débense despedir sempre cunha actitude tranquila e confiada na que se lle explique, sen enganalo/a a onde vai e cando volverá.

3.- Recollida de información:

Durante este período é importante a recollida de información sobre os nenos/as e sobre o seu ambiente familiar. Así obsérvase: a actitude que mostra na chegada; a relación cos espazos (se permanece nun espazo concreto, si se move...); a relación cos obxectos (o uso que fai dos materiais); a relación con outros nenos/as (se xoga só, si se relaciona cos demais...); a relación cos adultos, tanto co adulto que o acompaña como coa mestra.

Usaranse follas de rexistro nas que se anotarán aspectos da evolución dos nenos/as.

Con todo eses datos poderase ir valorando o grao de adaptación e cando se pode dar por finalizado o período. Segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar do curso 18/19, o período de adaptación do alumnado de EI que se incorpora por primeira vez ao centro terá a mínima duración posible que permita acadar os seus obxectivos, non podendo prolongarse máis de 10 días lectivos dende a data de inicio das clases.

Durante o PA preténdese que o neno/a chegue a interesarse pola escola, que se sinta a gusto e que saiba desenvolverse dentro do grupo, utilizando dun modo axeitado espazos e materiais.

4.- Avaliación do PA:

Con respecto a que avaliar do PA centrarémonos en actitudes e comportamentos do tipo de: aspectos relacionais, adaptación á escola, personalidade, xogo, hábitos básicos de autonomía, actitudes e aptitudes fronte ao traballo escolar.

En relación a como avaliar, o tipo de avaliación será continua co fin de recoller información para tomar decisións que axuden aos nenos/as e facilitar a súa adaptación ao medio escolar. Como técnica básica utilízase a observación directa a través das actividades que realice.

No que respecta a cando avaliar o período de adaptación como proceso global, farase ao longo dos 8 días, se ben a avaliación é continua. Estableceranse algunhas consideracións en canto aos momentos especialmente significativos (a chegada, o reencontro coa familia...) e ás observacións que se realizarán en distintas situacións procurando as mesmas circunstancias para todos os nenos: xogo libre, dirixido, grupal...

5.- Marco Legal que regula o PA:

- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación infantil en Galicia.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se desenvolve o Decreto 374/96.
- Orde do 24 de maio de 2013 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 13/14.

CALENDARIO

1ª SEMANA, DO 12 AO 14 DE SETEMBRO

GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C
M. A	AS	VI
A	HU	EV
BR	PE	XI
LEI	JES	FI
GA	MA	GUI
PAU	LE	YO
KI	ÁL	ÓS
	SER	AL

	MÉRCORES 12	XOVES 13	VENRES 14
10:00 / 11:00	Grupo A	Grupo C	Grupo B
11:15 / 12:15	Grupo B	Grupo A	Grupo C
12:30 / 13:30	Grupo C	Grupo B	Grupo A

2ª SEMANA, DO 17 AO 21 DE SETEMBRO

GRUPO A	GRUPO B
M A	AI
A	HU
VIC	EV
BREO	LEI
PE	JE
XI	F
GA	PAU
MA	L
GUI	YO
KI	ÓS
ÁL	SER
	AL

	LUNS 17	MARTES 18	MÉRCORES 19	XOVES 20	VENRES 21
10:00 / 11:30	Grupo A	Grupo B	Grupo A	Grupo B	Grupo A
12:00 / 13:30	Grupo B	Grupo A	Grupo B	Grupo A	Grupo B

3ª SEMANA. 24 E 25 DE SETEMBRO

LUNS 23 E MARTES 24	
11:00 / 13:00	TODOS XUNTOS

ANEXO 3: PLAN DE ATENCIÓN AO ALUMNADO INMIGRANTE

Medidas organizativas

Entendemos que os primeiros días e o primeiro mes é definitivo para conquistar unha boa integración no Centro e no noso sistema. A clave é a comunicación. Somentes temos que pensar o que nos sucede cando facemos unha viaxe ó estranxeiro e non entendemos as sinais, as normas, os usos, que son evidentes para tódolos demais. Atopámonos coma extraterrestres neste mundo. ¡Que difícil ten que ser escoitar falas intelixibles mentres te levan e te traen, che dan ordes que non comprendes e non atopas a lóxica do que sucede ó teu arredor!

Poñéndonos na pel destes nenos e nenas pensamos utilizar tódolos medios ó noso alcance para facerlles máis entendible o que teñen que vivir día a día. Hai dous tipos de medidas que é necesario adoptar: por unha parte medidas de apoio e polo tanto organizativas e por outra parte materiais de comunicación xa que nos falla a vía oral.

As medidas organizativas refírense tanto ó proceso de acollida e atención dende o momento en que chegan como o plan de apoios que se van establecer.

No seguinte apartado expoñemos en forma de esquema as decisións adoptadas no noso Centro para a atención á alumnos inmigrantes dende o momento que solicitan ser matriculados.

A maioría son aplicacións da lexislación ó respecto pero hai algunha medida que foi moi debatida e resulta novedosa. Referímonos á formulación que adoptamos en relación coa aprendizaxe da lingua e que denominamos de **inmersión lingüística**. Ata o momento todos os alumnos que escolarizamos foron integrados na súa aula ordinaria a partires do terceiro día, practicamente a tempo total, excepto unha sesión diaria. As razóns que nos avalan son as seguintes: Tódalas teorías de adquisición da lingua propoñen como criterio metodolóxico principal a consecución da **función comunicativa nun contexto o máis natural posible** antes ca creación artificial de situacións de aprendizaxe que perden o sentido de necesidade e polo tanto de

motivación e pragmática. A situación máis natural e que crea máis necesidade de comunicación é a propia aula e a relación diaria e permanente con persoas da súa idade que falan na lingua a aprender.

Por outra parte, a creación de grupos específicos de adquisición das linguas, ten unha característica pouco integradora dado que permitimos os alumnos que recreen o seu propio universo lingüístico, cultural, de hábitos e relacións. Ademais a menor constancia na súa aula non favorece o sentimento de pertenza ó grupo, a rutinización dos horarios, etc.

1. Proceso de escolarización

- a. Formalización da matrícula (Equipo Directivo)
 - i. Entrevista- datos de escolarización anterior
 - ii. Informacións á familia (horarios, normas, coñecemento do centro).
- b. Proposta de adscrición á un grupo. (Dpto. de orientación: PT, AL, Orientadora, outros)
 - i. Criterios
 - 1. Competencia curricular
 - 2. Idade
 - ii. Procedemento:
 - 1. Entrevista coa familia
 - 2. Valoración da competencia lingüística e curricular do alumno.
 - 3. Elaboración dunha proposta no D.O.
 - 4. Presentación da proposta ó Equipo Directivo
 - 5. Información á titora
 - 6. Información ós pais

Criterios xerais de escolarización:

1. O alumno será integrado no nivel que lle corresponde por idade cando non exista desfase curricular ou sexa mínimo.
2. Se o desfase curricular é de un ou dous niveis poderase atrasar un curso (o ano máis que todo o alumnado pode permanecer con carácter ordinario).
3. Cando o desfase curricular é de dous ou máis cursos poderase atrasar ata dous niveis, sendo preciso un ditame de escolarización.
4. Se o desfase é de dous niveis por debaixo do ciclo no que está escolarizado será necesaria unha Adaptación Curricular.

2. Alumnado estranxeiro: Situacións para valorar a escolarización

Domina Lingua		Non domina Lingua	
Sen atraso	con atraso	Sen atraso	con atraso
↓	↓	↓	↓
Escolariz. Normalizada	Permanencia RE, ACI , Avaliación Psicopedagóxica	Inmersión lingüística	Permanencia RE ACI , Avaliación

3. Temporalización

Tempo	Tarefas	Encargados
1º día	Valoración do alumno: - psicopedagóxica - competencia curricular Proposta de adscrición Decisión sobre a adscrición Comunicación da decisión ó titor/a Comunicación da decisión á familia	Orientadora PT, AL, Outros Dpto de Orientación Equipo directivo Equipo Directivo Orientadora
2º día	Atención ó alumno (Avaliación, presentación dos profesores, das dependencias, etc.) Preparación da entrada do alumno Plan de traballo 1º semana (materiais se é o caso) Establecemento apoios se é o caso (horarios, lugares, mestres)	PT, AL, Orientadora Titor/a Orientadora Titor/a Orientadora Orientadora, Xefe de estudos
3º día	Integración no grupo (con apoios se é o caso)	Orientadora, AL, PT, outros (alumnos titores)
4º día	Unha sesión de apoio fora da aula para reforzo da aprendizaxe da lingua(no seu caso). Resto das sesións na aula ordinaria co apoio dentro que a organización do Centro permita.	Titor/a e profesores de apoio

4. Resposta educativa

Con carácter xeral:

- Tódolos alumnos integraranse na aula ordinaria sendo o titor/a responsable do programa de reforzo ou as medidas curriculares a aplicar, a elaboración dos materiais, seguimento, avaliación, etc.
- O tempo de atención destes alumnos por parte do profesorado especialista PT e AL establecerase en función da gravidade das necesidades tal como se fai con todo o alumnado de N.E.E.
- Cando o profesorado especialista PT e AL non poidan cubrir as necesidades de apoio será o resto do profesorado en horas libres de docencia o que se ocupará desa tarefa (intentando que o número de persoas implicadas para un mesmo alumno sexa o menor posible).

Particularmente:

1. O alumnado que non domina ningunha das linguas da comunidade será obxecto das seguintes medidas:
 - a. Deseño dun programa de aprendizaxe da segunda lingua por parte do titor/a e o Dpto. de Orientación (PT, AL e Orientadora).
 - b. Deseño de medidas de intervención dentro da aula para favorecer a implicación do grupo á hora de facilitarlle a comprensión do idioma.
 - c. Establecemento dunha sesión diaria de apoio fora da aula durante alomenos tres meses, para reforzo da adquisición da segunda lingua (Orde 20 de febreiro de 2004).
 - d. Establecemento de apoios dentro da aula na medida en que o titor o solicite e a organización do Centro o permita, aténdose sempre ó establecido con carácter xeral no punto 2.

ANEXO 4: PATIOS INCLUSIVOS

- **ESTUDO INICIAL DO CENTRO REFERIDO ÁS CARACTERÍSTICAS DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA**

Etimoloxicamente, a palabra xogo deriva do latín *ludus* ou acción de xogar, diversión, broma. A raíz da palabra dinos que simplemente o xogo é “diversión”. Por outro lado, na RAE é “acción e efecto de xogar”. Segundo diversos autores, Bernabeu e Goldstein (2009), o xogo debe ser libre, espontáneo e totalmente voluntario, xógase porque se quere. O xogo debe ser elixido, nunca imposto, xa que neste caso perde a súa entidade como tal. E García (2000), o xogo favorece o seu proceso socializador, ensina a relacionarse e cooperar cos demais. A súa práctica favorece o desenvolvemento de hábitos de cooperación, convivencia e traballo en equipo.

E por iso que, nos últimos anos observamos a necesidade de dar un cambio aos tempos de lecer, este proxecto xorde das demandas do alumnado no seu tempo de lecer experimentadas polos mestres e dende a escola debería permitir novas formas de traballar e incentivar ao alumnado, a través de agrupamentos variados, e no que o día de mañá os nenos e nenas convivan nunha sociedade baixo o lema da igualdade de oportunidades e de acceso para todos. Unha das posibilidades para cubrir esta situación no tempo libre e ocio educativo é a creación dun proxecto como este, con uns obxectivos alcanzables e realistas, baseados na cooperación, no aproveitamento dos recursos e na inclusión.

Deste xeito nace unha iniciativa posta dende o centro e en colaboración co claustro e o Departamento de Orientación, “**Xogando Xogamos**” nace para cubrir estas necesidades e potenciar o aspecto lúdico da infancia de maneira inclusiva, así como o desenvolvemento das áreas específicas (habilidades sociais, comunicativas...) e favorecer un clima de entendemento e respecto acerca das diversas características persoais e físicas do alumnado.

A socialización e o ocio, non so depende das nais, pais ou titores, tamén do centro e do alumnado. Hai centros nos que se percibe un ambiente moi distinto si hai un programa

destas características, no que toda a comunidade educativa está implicada e se extrapola a outros ambientes como pode ser o parque municipal.

Cada vez son máis os profesionais que non teñen unha verdadeira formación. Hai certas disciplinas que consideraremos moi importantes, pero que existe moi pouca formación ao respecto, polo que se fai necesario contar cos centros de formación e recursos (CFR) ou centros autonómicos de formación e innovación (CAFI), regulados a través do decreto 74/2011, do 14 de abril, sobre a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas nos centros educativos sostidos con fondos públicos da comunidade autónoma de Galiza.

Na época de crise e aforro económico danse solucións máis imaxinativas do que hai. A crise pode virlle ben á cultura, ao deporte, ao ocio... Conceptos que impliquen unha redución dos gastos como a cooperación, o compartir ofertas de ocio... tal vez sexa unha oportunidade de cambiar a nivel metodolóxico.

“Xogando Xogamos” é un programa e ferramenta de inclusión escolar, mediante a cal os momentos de recreo escolar e lecer cobran sentido a todo o alumnado independentemente das súas necesidades facendo partícipe ao a todo o alumnado de maneira voluntaria.

Para rematar, dicir que se trata dunha ferramenta unificadora e inclusiva, onde cada neno é único, ofrecéndolle apoios e estratexias. Potenciando o seu gozo do momento de descanso na rutina escolar e facilitando o regreso á aula, tras o recreo, en mellores condicións atencionais.

En cada recreo e tempo libre crearase un horario no que un “equipo de traballo” do Xogando Xogamos dirixido por profesorado e alumnado dirixiran a actividade que elixan do amplo glosario, co paso do tempo será o alumnado quen organice e regule as diferentes actividades con autonomía propia. As quendas de xogo estarán marcadas por idades.

A fase de desenvolvemento será a seguinte:

O tempo estipulado estará adaptado ao xogo e á demanda dos usuarios.



Dinámicas adaptadas da iniciativa Patios e Parques dinámicos de Gey Lagar (2015)

- **OBXECTIVOS A CORTO PRAZO**

- Favorecer ao desenvolvemento integral e socialización do alumnado.
- Promover a inclusión de todo o alumnado nos tempos de lecer.
- Previr situacións de acoso escolar.

- **OBXECTIVOS A LONGO PRAZO**



- Potenciar o desenvolvemento das áreas específicas (habilidades sociais, comunicación, motricidade...)
- Aumentar o desexo e o sentido da socialización e o xogo na vida.
- Afianzar vías de inclusión social no centro e en toda a contorna.



- **METODOLOXÍA**

Principalmente utilizaremos unha metodoloxía moi activa e participativa, onde prime a colaboración, a comunicación e a inclusión de todo o alumnado. Actividades grupais nas que teñan que participar todos xuntos. Estará axustada á diversidade do alumnado. Os apoios, tanto visuais como auditivos son a baza fundamental para a comprensión do xogo e o desenvolvemento do mesmo. A intervención farase en grupos abertos, agrupados en niveis.

As formulacións sobre a actividade física deberían reflectir un enfoque socioeducativo, que demostre a súa intervención social, que contemple contidos propios, contando coa atención á diversidade e, sobre todo, que manifeste unha vivencia moito máis activa, máis participativa, pois hai que ofrecer unha aproximación máis lúdica dos contidos garantindo un óptimo desenvolvemento do individuo e favorecendo á súa socialización. Por iso, o movemento Slow empeza a atopar oco no mundo educativo. Retardar as cousas, tomarllas con calma. “O movemento Slow é unha corrente cultural que promove acougar as actividades humanas. Propón tomar o control do tempo, máis que someterse á súa tiranía, isto conséguese dando prioridade ás actividades que redundan no desenvolvemento das persoas, atopando un equilibrio entre a utilización da tecnoloxía orientada ao aforro do tempo e tomándose o tempo necesario para gozar de actividades.” (Trechera, 2007).

• ACTIVIDADES CONCRETAS

Actividade	1. “Desplumar a galiña”
Tipo de xogo	Motor – de interacción
Idades	Todas
Nº de participantes	Indefinido
Desenvolvemento	Un voluntario será a galiña a que se lle poñerán unhas pinzas de cores por todas as prendas do seu corpo e taparánselle os ollos. O resto de participantes distribuiranse en equipos equitativos (verde, vermello, azul e amarelo), cada equipo terá marcado no chan a súa casa e colocaranse en fila ata ter que ir, de un en un xunto a galiña coller as pinzas da súa cor de unha en unha. Gaña o equipo que primeiro consiga todas as pinzas da súa cor.
Material	- Capucha da galiña - Pinzas de cores - Xiz - Conos/aros de cores
Normas	- O voluntario da galiña irá rotando procurando non repetirse. - En cada equipo respectarase a quenda na fila. - Recollerase e coidarase o material ao rematar.
Pictogramas	 


Actividade	2. “Tirar as chapas”
Tipo de xogo	Precisión
Idades	Todas
Nº de participantes	Indefinido
Desenvolvemento	Os participantes distribuiranse en equipos equitativos (verde, vermello, azul e amarelo), cada equipo terá marcado no chan a súa casa con un cono da súa cor e colocaranse en fila ata ter que ir tirando de un en un 3 chapas aos círculos que haxa no chan cada un coa súa puntuación . Gaña o equipo que máis puntuación consiga en cada ronda.
Material	- Chapas de varias cores - Xiz - Conos/aros de cores - Marcador
Normas	- En cada equipo respectarase a quenda na fila para tirar. - Recollerase e coidarase o material ao rematar.
Pictogramas	 

Actividade	3. “Tres monos sabios”
Tipo de xogo	Percepción.
Idades	Todas.
Nº de participantes	Indefinido.
Desenvolvemento	Formaranse tríos nos que un será o mudo, outro o cego e outro o xordo. Colocaranse de tal xeito que o mudo se atope en fronte do xordo e ao cego de espaldas ao xordo, así o cego debe chegar a un cono, tras as indicacións do xordo, que a súa vez recibe indicacións do mudo.
Material	- Un cono.
Normas	- Non tocarse entre os participantes.
Pictogramas	  


Actividade	4. “Todos ao basket”	
Tipo de xogo	Cooperativo.	
Idades	Todas.	
Nº de participantes	Indefinido , no caso de que sexan moitos saíran en varias quendas.	
Desenvolvemento	O xogo basearase no baloncesto tradicional, pero nesta ocasión os participantes deberán de ir incorporando dificultades, é dicir, primeiramente xogarán cun ollo pechado, logo sen un brazo, sen unha perna e así sucesivamente. O equipo gañador será o que consiga meter máis canastras nun tempo estipulado (3'/especialidade)	
Material	- Pelota de baloncesto - Canastras	
Normas	- Non agarrar os compañeiros para quitarlle a pelota - Todos os compoñentes do grupo teñen que tocar a pelota antes de tirar a canastra.	
Pictogramas		


Actividade	5. “Os mimos”
Tipo de xogo	Cooperativo.
Idades	Todas.
Nº de participantes	Indefinido.
Desenvolvemento	A dinámica da mímica e que os nenos sexan quen de expresar o que pon na tarxeta que o monitor lle dará (animais, accións, xoguetes, alimentos...) por quendas e soamente expresándose con xestos, e dicir, sen emitir ningún son, mentres que o resto do grupo adiviña. Con cada tarxeta adiviñada daremos un punto e un pase para ser “mimo”.
Material	- Tarxetas co debuxo e a palabra que ten que representar.
Normas	- Non se pode emitir ningún son. - Gardar silencio no transcurso da expresión do mimo. - Participación de todo o grupo.
Pictogramas	


Actividade	6. “Dálle ao flash”
Tipo de xogo	Cooperativo.
Idades	Todas.
Nº de participantes	Indefinido.
Desenvolvemento	A dinámica desta actividade é sinxela pero moi entretida. Debemos dividir o gran grupo en dous, un deles formado por un, dous ou tres participantes (segundo demanda da actividade) que serán os <u>fotógrafos</u> , e o resto os <u>fotografiados</u> . O grupo meirande terá que colocarse como eles desexen para que saquen unha fotografía virtual que con unha ollada recorden, daranse a volta e os fotografiados cambiarán algo, finalmente terán que adiviñar que foi o que cambiou dende a primeira vez que chikaron o “flash”.
Material	- Non precisa, pero podemos engadir calquera material para complementar a fotografía como sombreiros, gafas de sol...
Normas	- Respectar o papel que lle toque a cada estudante - Non moverse cando non toca - Axudar a que todos os alumnos poidan participar
Pictogramas	   


Actividade	7. Catro esquinas	
Tipo de xogo	Cooperativo.	
Idades	Todas.	
Nº de participantes	Indefinido.	
Desenvolvemento	Queda un neno/a e o resto colócase nas esquinas. Canta “as catro esquinas libres quedan” e o que non sae queda. Logo todos deben buscar a esquina libre e o quedou volve cantar...	
Material	- Catro puntos estratéxicos marcados con columnas, conos, pedras, aros, piquetas...	
Normas	- Non pelexar. - Respetar a quenda e a quenda de cada quen. - Participación de todo o grupo.	
Pictogramas	 Diagrama de xogo de catro esquinas. Mústrase un cuadrado amarelo sobre un fondo azul claro. Nos catro vértices do cuadrado hai un punto negro. Arredor do cuadrado, pero dentro do campo azul, están seis figuras humanas esquemáticas (stick figures) que representan os participantes do xogo. Unha figura está no centro do cuadrado amarelo, e as outras cinco están distribuídas arredor dos vértices, representando a dinámica do xogo onde os participantes buscan as esquinas libres.	

Actividade	8. Os birlos
Tipo de xogo	Cooperativo, tradicional galego.
Idades	Todas.
Nº de participantes	Indefinido.
Desenvolvemento	Lanzar unha bóla de madeira a ras do chan cara unhas pezas verticais colocadas ao final da pista. A intención é derrubar a maior cantidade posible deles, pódese xogar por parellas ou equipos (a distribución pode ser de moitas maneiras depende da orixinalidade e onde se realice o xogo así como o número de participantes e de birlos que teñamos á nosa disposición). Cada birlo son 3 puntos e xóganse 3 roldas.
Material	- Bóla de madeira, pezas de madeira (cilíndricas).
Normas	- Non pelexar. - Respectar o turno e a quenda de cada quen. - Recoller e coidar o material ao rematar.
Pictogramas	

Actividade	9. As sete e media
Tipo de xogo	Precisión
Idades	Todas
Nº de participantes	Indefinidos
Desenvolvemento	Os nenos/as colocaranse por orde, cada un coa súa ficha, pedra ou outro utensilio axeitado, de maneira que cada quen irá tirando, dende a distancia que se acorde, cara o pictograma que será figura xeométrica pegada na casiña que sinale. O que acerte nesa casiña gaña. Pódese ir cambiando de casiña en cada rolda.
Material	- Fichas . Xiz (pictograma e raia de saída)
Normas	- Respetar a quenda para tirar. - Respetar e coidar o material. - Deben de responsabilizarse da colocación, manipulación e recollida do material.
Pictogramas	

Actividade	10. As bolas
Tipo de xogo	Precisión
Idades	Todas
Nº de participantes	Indefinido
Desenvolvemento	Cada xogador/a terá dúas bolas. Faise un círculo no chan e métese nel unha das bolas. Cada xogador/a fará o mesmo. Unha vez metidas todas as bolas dos xogadores, coa outra tratarase de botar fóra do círculo a dos outros. A bola que quede no círculo será a gañadora.
Material	- Bolas numeradas. - Xiz.
Normas	- Respetar a quenda para tirar. - Respetar e coidar o material. - Deben de responsabilizarse da colocación, manipulación e recollida do material.
Pictogramas	 

Actividade	11. Karaoke
Tipo de xogo	Artístico
Idades	Todas
Nº de participantes	Indefinido, establecendo unha orde
Desenvolvemento	
Material	- Elaboración de micrófonos “reciclados” (tubo carón/tubería, recipiente de iogur, papel aluminio e cinta negra)
Normas	- Establecer unha orde para micrófonos. - Coidado de material.
Pictogramas	CANTAR  BAILAR 

Actividade	12. “Tres en raia”
Tipo de xogo	Cooperativo
Idades	Todas
Nº de participantes	Seis cada vez, en dous equipos de tres
Desenvolvemento	Comeza co sorteo para ver que equipo ocupa o centro. Os tres xogadores de cada equipo sitúanse nos círculos correspondentes e deben entenderse para realizar os cambios de posición de xeito que se impida ao equipo contrario facer os 3 en raia.
Material	- Debuxo no pavimento.
Normas	- Non se pode empurrar. - Os cambios márcalos o neno ou nena que ocupa o círculo do medio cunha palmada.
Pictogramas	

Actividade	12. “ Mariola”
Tipo de xogo	Habilidade
Idades	Dende 5 anos
Nº de participantes	Indefinido
Desenvolvemento	Os/as participantes colocaranse en fila agardando o turno. Iniciase o xogo tirando a pedra para o número que nos toque (de maneira ascendente) e saltando esa casiña á pata coxa indo ata o final e á volta recoller a pedra sen pousar ambos pés. O turno pasa ao seguinte cando o xogador pousa o pé ou non atina coa casiña correspondente.
Material	- Pedra.
Normas	- Respetar a quenda. - Non pousar o pé no chan nin pisar as raias. - Tirar a pedra na casiña correspondente.
Pictogramas	

Actividade	13. “ Twister”		
Tipo de xogo	Habilidade e equilibrio.		
Idades	Todas.		
Nº de participantes	Máximo 5.		
Desenvolvemento	O xogo consiste en ir situando os pés e mans nos círculos de cores do chan, seguindo as indicacións dunha ruleta.		
Material	- Ruleta.		
Normas	- Seguir a orde que nos dea a ruleta. - Non saírse do círculo coas mans nin cos pés. - Respetar as quendas.		
Pictogramas			

Actividade	14. “ Jump”		
Tipo de xogo	Habilidade de salto e equilibrio.		
Idades	Todas.		
Nº de participantes	Indefinido.		
Desenvolvemento	O xogo individual consiste en que cada participante salta o máximo posible conseguindo puntos segundo a distancia superada. Gaña o que máis puntos consiga. Pode haber varias roldas.		
Material	- Chan pintado.		
Normas	- Respetar as quendas. - Realizar o salto dentro das marcas de cor. - Superar sen pisar a raia anterior.		
Pictogramas			

Actividade	15. “ Fútbol - Chapas”
Tipo de xogo	Habilidade.
Idades	Todas.
Nº de participantes	Máximo 6.
Desenvolvemento	Neste xogo os participantes deben desprazar as chapas lanzándoas cos dedos índice e polgar como se fora o balón de fútbol tentando metelas na portería contraria sen saírse do campo marcado e dando un toque cada un de forma alterna.
Material	- 1 Chapa
Normas	- Agardar as quendas. - Respectar as normas do xogo (fóra, córner, etc).
Pictogramas	

- **EQUIPO INTEGRANTE E COORDINACIÓNS**

Equipo: Departamento de Orientación en colaboración con todo o claustro.

O equipo de orientación do centro é o responsable e coordinador de dito proxecto, á vez que existen diversos colaboradores de toda a comunidade educativa.

Este proxecto xorde das demandas do alumnado no seu tempo de lecer experimentadas polos mestres, polo que se coordinarán entre todos os docentes para que poidan incluílos nas programacións dos horarios de recreos e tempos de lecer existentes nas xornadas escolares. Incluíndoo no PE e tratándoo como un proxecto para todo o centro.

- **UTILIZACIÓN E APROVEITAMENTO DOS RECURSOS.**

Poderase utilizar todo tipo de material segundo a planificación de cada actividade, polo que o material específico estará especificado na ficha correspondente pero priman materiais deportivos e de ocio. Ademais levarase a cabo este proxecto de maneira xeneralizada no centro, de maneira que se pode extrapolar e aplicar en calquera contexto da contorna. A través del daremos prioridade ás competencias de aprender a aprender (CAA) e competencia social e cívica (CSC).

- **ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS**

Tanto os espazos como o material estarán debidamente situados nas dependencias do ximnasio e estarán adaptados ás características de todo o alumnado (espazos amplos, luminosidade, SAAC, axudas persoais, material adaptado...). Os principais espazos para levar este proxecto serán os patios, o pavillón e o parque infantil.

- **TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Por unha banda, na medida do posible, intentaremos que a posta en marcha deste proxecto teña unha participación elevada, que participen todos os alumnos do centro para unha mellor inclusión lúdica. Así fomentamos valores de equidade, cooperación e igualdade.

Por outra banda, durante o desenvolvemento deste proxecto traballaremos contidos relacionados coas ciencias sociais, valores cívicos, lingua galega e castelá, artística e especialmente que se estimulen as habilidades sociais, o bo comportamento, a inclusión, a educación responsable.

- **AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DO PROGRAMA**

A avaliación será inicial, continúa, final e global, nela participan todos os profesionais implicados no proxecto pero a súa avaliación corresponderá ao Departamento de Orientación; para o seu seguimento estableceremos unha revisión continua a través das fichas que cobren os coordinadores de cada sesión e a través dunha batería de *ítems* relacionados cos criterios avaliaremos a cada un dos obxectivos que propón o noso proxecto. Cada ítem terá unha escala Licker de 1 a 5, indo de “nada de acordo” a “totalmente de acordo”.

- Favorecer ao desenvolvemento integral e socialización do alumnado.
- Promover a inclusión de todo o alumnado nos tempos de lecer.
- Prever situacións de acoso escolar.

Criterios de avaliación para o primeiro obxectivo: 1) alcanzar, na medida do posible, un desenvolvemento cognitivo acorde a súa idade, 2) favorecer a un correcto proceso de socialización co alumnado e 3) incidir na adquisición de habilidades cognitivas, sociais e de comunicación verbal e non verbal.

Criterios de avaliación para o segundo obxectivo: 1) elaborar actividades adaptadas a todo o alumnado, 2) controlar e coñecer estratexias apropiadas para a realización de calquera actividade e 3) coñecer as características do alumnado.

Criterios de avaliación para o terceiro obxectivo: 1) unir esforzos en diferentes actividades para a boa relación do alumnado, 2) participar e relacionarse entre todos os compañeiros/as e o resto da comunidade e 3) extrapolar estas dinámicas a outros tempos de lecer.

- **Propostas de mellora**

Elevar a formación do profesorado en temas de ocio e tempo libre, así como de dinámicas inclusivas. Expor máis e máis estas aprendizaxes ao resto da comunidade educativa e a través deste proxecto e algún día implantalo nos complexos educativos da vila e no resto de dependencias do concello.